

Vida

Segundo a hipótese máis aceptada, Cristovo Colón naceu en Xenova no ano 1451. Fillo de *Doménico Colombo*, un tecelán, e *Susana Fontanerosa*, filla tamén de teceláns. Tivo catro irmáns, tres deles homes e unha muller.

Ós catorce anos tivo o seu primeiro encontro co mar en calidade de grumete, e, parece ser que a mesma navegación lle deu unha alta cualificación sobre todo en disciplinas relacionadas co mar.

No ano 1477 foi a vivir a Lisboa, onde casou con *Felipa Perestrello* e Moniz, nai do seu primeiro fillo, *Diego*. Máis tarde tería un segundo fillo, *Hernando*, en España froito dos seus amores con *Beatriz Enríquez Arana*.

No ano 1483 comezou a interesarse pola cartografía e relacionouse cun cartógrafo que defendía que a ruta a Asia debía ser máis curta por Occidente que por Oriente. Isto proviña dun cálculo erróneo, por descoñecer as dimensións da Terra e ignorar a existencia dun continente interposto entre Europa e as costas de China.

Xa que naquela época críase que a Terra era como unha moeda, tomaron a Colón como un tolo, por defender a idea de que a Terra era redonda. Aínda así, entusiasmado coa idea de abrir aquela recta, Colón acudiu o rei *Juan II* de Portugal para que o apoiara no proxecto.

Despois de ser rechazado en dúas ocasións por este, sobre o ano 1484 acudiu a España, e, no ano 1486 conseguiu ser recibido polos *Reis Católicos* para expoñerlles o seu plan, pero foi rechazado. No 1491 acudiu de novo a corte, e logrou a aprobación que esperaba.

Zarpou despois de preparar toda a viaxe, o 3 de agosto de 1492. O 12 de outubro arribaron no que eles pensaban que eran as Indias.

Colón realizou unha serie de viaxes máis as terras descubertas.

O 20 de maio de 1506, Cristovo Colón falece en Valladolid, cidade á que acudira a ver a doña *Juana la Loca*, herdeira dos *Reis Católicos*, e o seu esposo, *Felipe el Hermoso*.

Preparativos para a Viaxe

Despois de ofrecer, como xa dixemos antes, o seu proxecto a varios monarcas europeos, Colón púxose en contacto co prior do convento de *La Rabida*, frai *Juan Pérez*, que fora o confesor da reina *Isabel la Católica*, e frai Diego de Deza, os que mediaron diante da reina e por fin asinouse o contrato entre os *Reis Católicos* e Colón, o día 17 de abril de 1492. Colón explicando o seu proxecto na *Rábida*.

Esto coñécese polas *Capitulacions de Santa Fe*.

Asinado este contrato, Colón, comezou os preparativos para a viaxe, coas tres naves que se lle concederan; as carabelas a *Pinta* e a *Niña*, e a nave *Santa María*.

En Palos fixose pública a obriga de armar as dúas carabelas. O non atopar tripulación foi cando frai *Juán Pérez*, e, sobre todo, o experto mariñeiro *Martín Alonso Pinzón*, puxeronse da súa parte para axudarlle a buscar xente.

A tripulación de *Santa María* era na gran maioría vasca; e as dúas carabelas, a *Pinta* e maila *Niña*, servidas por mariñeiros andaluces. En total uns cen homes, entre os que había algúns delincuentes, carpinteiros,

calafateiros, escribans, alguacils, ciruxans, etc., ademáis dos mariñeiros ordinarios.

Na *Santa María* subiu *Colón*, e foi nomeado maestre o seu dono, *Juán de la Cosa*. A *Niña* foi mandada por *Vicente Yáñez Pinzón* e na *Pinta*, foi maestre *Francisco Martín Pinzón* e capitán o seu irmán, *Martín Alonso*.

Viaxes

Primeira viaxe:

O 3 de agosto de 1492, despois de oír misa e comulgar, a expedición colombina saíu do porto de *Palos de Moguer* (Huelva) rumbo as illas Canarias. Alí detiveronse para reparar unha nave e volveron a zarpar o 6 de setembro. Hata o 22 de setembro, a travesía seguiu sen dificultades, pero este día comezou a calmarse o vento, e con iso comezaron as dúbidas dos tripulantes, que o Almirante As carabeñas *Niña*, *pinta* e *Santa María*, nas que

tivo que disipar. *Colón* chegou por primeira vez a América.

Na madrugada do 12 de outubro, *Rodrigo de Triana*, mariñeiro da *Pinta*, lanzou o berro de ¡*Terra!*, primeiro anuncio do portentoso feito: América fora descuberta.

Colón criou arribar nas Indias porque nunca pensou que existise un continente interposto entre Europa e Asia. A primeira illa que se ofreceu os ollos dos españois foi a chamada polos seus nativos *Guanahani* e que *Colón* bautizou co nome de *San Salvador*.

Unha maniobra de timonel da *Santa María* fixo que a nave encallase na noite do 24 o 25 de decembro. Cos restos da nave construíuse un forte, chamado *Navidad*, primeira fundación española en terras do *Novo Mundo*.

Colón decidiu voltar para a Península a bordo de a *Niña*, o 2 de xaneiro de 1493.

O día 15 de marzo, ó mediodía entrou en *Palos de Moguer* a *Niña*, unhas horas despois da *Pinta*.

A mediados de abril, *Colón* foi recibido polos *Reis* en Barcelona con honores extraordinarios e referiúlles as súas aventuras, presentoulles indíxenas e produtos das terras visitadas e solicitou de eles a preparación doutra viaxe.

Segunda viaxe:

A segunda viaxe colombina tivo xa fins colonizadores. Trece meses despois da primeira partida, saía de Cádiz a nova expedición, composta de cerca de mil quinientos homes embarcados en dezasete naves.

A flota zarpou o 25 de setembro de 1493, coa *Marigalante*, na cal viaxaba *Colón*, como nave capitana.

O día 3 de novembro chegaron a terra, onde lles foron poñendo nome a todas as terras as que chegaban.

O 26 de novembro, *Colón* encamiñouse o lugar onde estableceran o forte *Navidad*, pero, a guarnición española, perecera dous meses antes a maos, sen dúbida, dos indíxenas. *Colón* fundou o 7 de decembro a primeira cidade do *Novo Mundo*, a que lle deu o nome de *La Isabela*, en honor a reina de Castela.

O 10 de marzo de 1496, *Colón* decidiu voltar para España, e o 11 de xuño desembarcou en Cadiz.

Terceira viaxe:

Facilitáronlle a Colón os medios para organizar unha terceira expedición, a vez colonizadora e descubridora, que, composta de seis naves, partiu de Sanlúcar de Barrameda o 30 de maio de 1498.

Nesta terceira viaxe tocouse por primeira vez terra firmen, xa que ata ese momento só tocaran illas.

Colón voltou de cara a Península, apresado por *Francisco de Bobadilla*, ó que enviaron os *Reis Católicos* o 23 de agosto do 1500, en calidade de investigador oficial, e, ó ver unhas pequenas sublevacións apresou a Colón e tratouno de forma brusca, polo que cando chegaron a Península, a principios do 1501, ó enterarse os Reis Católicos, pedíronlle disculpas a Colón polos feitos acontecidos.

Cuarta viaxe:

Todavía lle foi concedida a Colón a posibilidade de efectuar unha cuarta viaxe, para o cal partiu de Cádiz o 9 de maio de 1502 con catro embarcacións.

Resultado desta viaxe foi o descubrimento de América Central.

O 12 de setembro do 1504, despois de pasar grandes penalidades, Colón e o resto dos superviventes desta cuarta e última viaxe embarcáronse de volta a España, e, o 7 de novembro arribaron en Sanlúcar de Barrameda.

1

8